

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 22 de xullo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora e o afianzamento da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

As orientacións da política agrícola común avanza en darlles resposta ás preocupacións e sensibilidade dos consumidores en materia de calidade e seguridade alimentaria, o que implica a necesidade de estimular a adaptación á produción primaria neste sentido.

O Regulamento (CE) nº 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal (DOCE número L 226, do 25 de xuño de 2004) establece as normas xerais e específicas relativas á hixiene da produción de leite.

No citado regulamento establécense os requisitos que debe cumprir o leite cru no momento da súa recollida nas explotacións, así como a obriga dos centros de recollida, centros de normalización, establecementos de tratamento e establecementos de transformación de lles comunicar aos órganos competentes aqueles casos en que o leite cru recollido nas explotacións non alcance os niveis mínimos de calidade.

Por iso considérase imprescindible orientar os programas actuais cara á consolidación de sistemas de manexo e control que permitan evidenciar nas explotacións o desenvolvemento de prácticas correctas para a produción láctea.

Tamén hai que sinalar que estes programas de mellora de calidade do leite axudarán á consecución dos obxectivos e velarán polo cumprimento dos aspectos relacionados coas condicións hixiénico-sanitarias na produción de leite dentro do marco da condicionalidade e a percepción das axudas derivadas da PAC.

Neste senso, a Orde do 31 de xaneiro de 2008, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría da indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2008, establece no artigo 70 as condicións de concesión dos pagamentos adicionais no sector lácteo. Os gandeiros acollidos ao programa de mellora da calidade establecido pola Consellería do Medio Rural poderán beneficiarse destes pagamentos.

Por outra banda, é preciso fomentar aquelas iniciativas que establezan programas de aseguramento da calidade asimilables a sistemas de análise de perigos e puntos críticos de control en explotacións que permitan a súa certificación por entidades acreditadas de control e certificación dos alimentos.

O Real decreto 460/2002, do 24 de maio, establece as bases reguladoras das axudas estatais destinadas a prestar apoio técnico ao sector produtor de leite para mellorar o control e a calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

Ben que os beneficiarios dos programas son os produtores de leite, as axudas deben tramitarse conforme o establecido no Real decreto 460/2002, que establece que as axudas deben ser xestionadas polos compradores autorizados, os centros de recollida, establecementos de tratamento ou transformación autorizados, así como as agrupacións de produtores, debido á súa capacidade de instrumentar un programa eficaz de asesoramento e mellora da calidade que inclúa un conxunto de produtores.

Neste último real decreto dispónse que a tramitación das solicitudes, a súa resolución e o pagamento das axudas lles corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas.

Dada a importancia dos obxectivos desta orde, a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria dará a publicidade oportuna sobre a convocatoria desta e informará os produtores de leite cru de vaca desta comunidade autónoma a través dos medios que considere adecuados, co fin de que a incidencia desta repercuta na máxima cantidade de leite producido no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con base no anterior, esta orde ten por obxecto establecer as normas de desenvolvemento dos programas de mellora da calidade do leite e convocalas para a campaña 2008/2009, establecendo o procedemento para a tramitación, resolución e pagamento das solicitudes presentadas, de conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño), e, mentres non se opoña ao disposto na referida lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1998,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto da orde é establecer as bases reguladoras ás axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora e o afianzamento da calidade do leite producido e recollido nas explotacións, e convocalas para o ano 2008.

As bases reguladoras publicaranse na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural: <http://medio-rural.xunta.es/>.

O apoio técnico realizarase a través de programas que teñan conxuntamente por finalidade:

a) Mellorar o cumprimento das exixencias establecidas no capítulo I, sección IX do anexo II do Regulamento (CE) 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, de requisitos sanitarios para a produción do leite cru, hixiene das explotacións produtoras de leite e criterios relativos ao leite cru.

b) Divulgar e avaliar o grao de cumprimento da guía de prácticas correctas de hixiene no sector produtor lácteo, descrita no anexo VII, en concordancia co establecido no anexo XX do Real decreto 1470/2007, do 20 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e gandería, e tamén de acordo co previsto no artigo 70.2º a) da orde da Consellería do Medio Rural do 31 de xaneiro de 2008, publicada o 1 de febreiro de 2008, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde os produtores de leite de vaca que teñan cantidade de referencia asignada na campaña 2008/2009 e cumpran coas obrigas impostas polo réxime de taxa suplementaria, e que participen en programas de mellora e afianzamento das condicións hixiénico-sanitarias da súa explotación e do leite obtido nela, sempre que formen parte dalgunha das entidades ás cales se refire o punto 1 do artigo 3º.

Artigo 3º.-Solicitantes.

1. As solicitudes de axudas presentaranas:

a) Agrupacións de produtores de leite, ben sexan cooperativas ou asociacións de gandeiros, sempre que todos os seus socios cumpran cos requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 2º.

b) Compradores oficialmente autorizados polo Fondo Español de Garantía Agraria FEGA para a campaña 2007/2008. Estes deberán comprometerse a un pagamento diferencial por parámetros de calidade e, ademais, todos os seus socios deben cumprir cos requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 2º.

2. Os programas de mellora e afianzamento deberán afectar:

a) Todas as explotacións integrantes, no caso de que o solicitante da axuda sexa unha agrupación de produtores, excepto aquelas explotacións que xa estean incluídas noutro programa de mellora e afianzamento.

b) Todas as explotacións subministradoras, no caso de que o solicitante da axuda sexa un primeiro com-

prador autorizado, excepto aquelas explotacións que xa estean incluídas noutro programa de mellora e afianzamento.

Porén, poderanse excluír do cumprimento do anterior punto os seguintes casos excepcionais, debidamente xustificadas ao xuízo da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria:

a) Unha catástrofe natural grave que afectase de forma importante unha explotación.

b) A morte ou sacrificio dunha parte significativa do rabaño dunha explotación como consecuencia dunha epizootia oficialmente declarada ou que sexa obxecto de programas nacionais de erradicación.

c) Calquera outra causa debidamente documentada e así considerada pola Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Artigo 4º.-Programas de mellora e afianzamento da calidade do leite.

Consideraranse auxiliabes aquelas actuacións que vaian destinadas ao asesoramento técnico encamiñado a conseguir os obxectivos referidos no artigo 1º desta orde e que se deberán concretar en programas cun contido mínimo estruturado en tres niveis:

1. Nivel básico:

Para que un programa poida ser considerado como básico deberá recoller, como mínimo, as seguintes actuacións:

a) Revisión das instalacións de muxidura e refrixación de leite para todas as explotacións integradas no programa. Estas revisións serán realizadas conforme o descrito no artigo 5 das condicións mínimas das actuacións auxiliabes e acompañaranse dun cálculo das necesidades de instalación de muxidura e frío segundo os requirimentos da normativa vixente.

b) Divulgación do código de boas prácticas para a produción de leite cru de vaca segundo o especificado no anexo VII desta orde, así como a avaliación do seu grao de cumprimento, a través da enquisa de avaliación das condicións para a produción de leite cru de vaca para todas as explotacións integradas no programa segundo o modelo proposto no anexo VIII.

c) Elaboración de informes personalizados para a mellora da calidade do leite en explotacións con problemas de incumprimento puntual das exixencias establecidas no capítulo I, sección IX do anexo II do Regulamento (CE) 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, de requisitos sanitarios para a produción do leite cru, hixiene das explotacións produtoras de leite e criterios relativos ao leite cru. A obriga da elaboración destes informes, así como o seu contido mínimo, ateranse ao especificado no artigo 5º das condicións mínimas das actuacións subvencionables.

2. Nivel intensivo:

Consideraranse programas de nivel intensivo aqueles que teñan como obxectivo a integración das explotacións nun programa de certificación baseado en documentos normativos cuxos requirimentos mínimos sexan os relacionados no anexo VII desta orde.

A frecuencia das avaliacións ao longo do programa será como mínimo de tres (3) e deberá quedar constancia da emisión dun informe sobre a situación e as recomendacións xeradas en cada unha das avaliacións.

As follas de control de campo utilizadas para a avaliación dos ditos requirimentos deberán contar, polo menos, cos puntos relacionados no anexo VIII desta orde.

O prazo máximo de permanencia nun programa deste tipo será como máximo de dous (2) anos. Ao final destes, a explotación deberá integrarse nun programa de certificación ou volver ao nivel básico. Neste último caso non poderá percibir a axuda do programa intensivo durante un prazo de cinco (5) anos.

3. Nivel de certificación:

Consideraranse como programas de certificación aquelas iniciativas que establezan a certificación externa para a implantación dun sistema de aseguramento da calidade hixiénico-sanitaria do leite de acordo, como mínimo, coas condicións establecidas no anexo VII desta orde ou superior e que sexa certificado por unha entidade de certificación externa acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (Enac) ou calquera outro organismo europeo de acreditación fronte á norma 45.011.

Artigo 5º.-Condicións mínimas das actuacións subvencionables.

1. Número de explotacións mínimas nos programas:

Os programas básicos deberán ser desenvolvidos sobre un grupo mínimo de 70 explotacións ou 1.500 vacas.

Para programas intensivos ou de certificación o número de explotacións mínimas no programa será de 10.

2. Revisión de instalacións de muxidura e refrixeración de leite.

No caso de control de instalacións de muxidura, estes realizaranos técnicos autorizados pola Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Antes da realización da testaxe calcularase a instalación necesaria para cada explotación polos novos requirimentos da norma UNE 68050/98, e

comprobarase se esta cumpre cos mínimos requiridos.

En caso de que a instalación non cumpra cos novos requirimentos, realizarase a revisión da instalación de muxidura polos requirimentos antigos da normativa, utilizando os parámetros indicados no anexo XIX.

Será obrigatoria a gravación das testaxes de puntos de muxidura no programa informático facilitado pola Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria e as recomendacións que esta emita deberán ser enviadas aos gandeiros e remitírselle á dita dirección xeral unha relación informatizada da data de entrega ou envío das ditas recomendacións.

No caso de control de equipamentos de refrixeración de leite, estes deberanos realizar técnicos autorizados pola Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria ou titulados en FP2, rama frigoristas, cubrindo en cada instalación os parámetros indicados no anexo X baixo a normativa correspondente.

Será obrigatoria a gravación das testaxes de tanques de frío no programa informático facilitado pola dita dirección xeral, e as recomendacións que esta emita deberán ser enviadas aos gandeiros e remitírselle á dita dirección xeral unha relación informatizada da data de entrega ou envío das ditas recomendacións.

3. Necesidade de coordinación por parte dun veterinario responsable.

Deberá existir, dentro de cada programa, un responsable con titulación de licenciado en veterinaria que o será da parte sanitaria deste e que, por requirimento dos técnicos da DXPICA os acompañarán nas inspeccións oficiais de control que se realizarán nas explotacións en programa.

4. Informes personalizados.

A Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria comunicaralles puntualmente a cada gandeiro e ao seu técnico de calidade do leite a necesidade de elaborar un programa específico de autocontrol que permita a resolución antes posible da situación de incumprimento puntual da normativa. Este informe, asinado polo técnico da explotación e polo seu responsable veterinario, deberá ser presentado no prazo máximo de dous meses desde que se lle solicite, e o contido mínimo deste programa constará inescusablemente das seguintes partes claramente identificadas:

a) A descrición da situación da explotación no momento da visita do técnico, coa seguinte información: localización, datos do titular, datos produtivos tales como cota, produción, gando, e una descrición da explotación e do sistema de muxidura e refrixeración.

b) Un informe en relación coa revisión do sistema de muxidura e refrixeración, no cal se deberá indicar, despois de efectuar as comprobacións oportunas, que todo funciona correctamente e que a rutina de muxidura é axeitada, ou, de existir deficiencias, poñelas de manifesto. Admitiranse como válidas para a elaboración do informe revisións realizadas nos tres meses anteriores á data de solicitude do informe.

c) Un informe final personalizado e pormenorizado en relación coas accións concretas que o gandeiro deberá adoptar para solucionar os problemas postos de manifesto responsables da mala calidade do leite.

d) Identificación dos animais problemáticos en relación cos problemas de calidade do leite da explotación, acompañada dunha proposta de actuación.

e) Prazo necesario, ao xuízo do gandeiro, para abordar as accións propostas.

No caso de que a orixe do informe sexa a presenza no leite das mostras de pagamento por calidade de residuos antibióticos, realizarase unha visita informativa co fin de revisar as posibles causas da dita presenza e emitirase un informe de recomendacións para evitar que esta situación se repita no futuro.

O reiterado incumprimento dos parámetros analíticos da explotación e do verificado polos técnicos nas dúas visitas de control, levará a que a explotación quede excluída dos programas de mellora da calidade do leite no futuro.

5. Enquisa da avaliación das condicións de produción.

Para a avaliación das condicións de produción de leite cru deberá ser utilizado obrigatoriamente o modelo de enquisa referido no anexo VIII da orde. Será obrigatorio como parte do desenvolvemento do programa a emisión dun informe final por explotación sobre o grao de cumprimento do dito código así como a emisión de recomendacións sobre todos e cada un dos puntos incumpridos da enquisa.

Co fin de obter unha base de datos homoxénea ao remate do programa sobre o grao de cumprimento do código de boas prácticas, as explotacións incluídas en programas intensivos deberán presentar ao final do programa un informe pormenorizado do cumprimento do dito código, e poderán utilizar a mesma enquisa que as explotacións no programa básico.

6. Rexistro de persoal e visitas relacionadas coa calidade do leite nas explotacións.

Será de obrigado cumprimento por todas as explotacións integrantes dos programas o mantemento dun rexistro actualizado de persoal e visitas relacionadas coa calidade do leite na explotación segundo os modelos descritos nos anexos V e VI.

7. Obriga de comunicar puntualmente o desenvolvemento dos programas.

A Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria establecerá os prazos e intervalos de tempo máximo para a xustificación periódica das accións de asesoramento, sendo este, a *priori*, mensual. A documentación xustificativa deberá ser entregada por cada un dos técnicos nos primeiros quince (15) días do mes seguinte, establecéndose unha penalización por cada incumprimento de prazo de entrega non debidamente xustificado dun 5% da axuda ligada ao asesoramento técnico con independencia das penalizacións derivadas doutros controis realizados ao longo do programa.

Artigo 6º.-*Gastos subvencionables.*

1. Serán subvencionables as accións de asesoramento técnico dirixido a todos aqueles factores que incidan na mellora e afianzamento da calidade hixiénica e fisicoquímica do leite cru, sobre os que se desenvolverán os programas que deberán prever aspectos citados no artigo 4º desta orde.

2. Ademais, serán subvencionables os investimentos que resulten necesarios para levar a cabo os labores de asesoramento descritos nos puntos 1, 2 e 3 do artigo 4º que inclúan a adquisición dos seguintes bens e servizos:

a) A prestación de asistencias técnicas ás explotacións.

b) Os gastos derivados dos sistemas de revisión e control do funcionamento das instalacións de muxidura e do tanque de refrixeración. Auxiliarase un só tanque de frío por explotación.

c) A análise para o control de mamite, que incluírá técnicas de diagnóstico, illamento do xerme causante e sensibilidades antibióticas.

d) A análise da auga que se utiliza na explotación para a limpeza e desinfección dos equipamentos.

e) Gastos de xestión derivados do programa.

f) Formación do persoal técnico, que incluírá cursos e conferencias.

g) Material didáctico de divulgación, como publicacións, folletos e revistas.

h) Formación orientada especificamente á acreditación dos gandeiros produtores como responsables da muxidura.

i) Os gastos asociados á certificación da explotación.

3. Quedan expresamente excluídos os investimentos derivados do funcionamento habitual dunha explotación láctea e os medios de transporte.

Artigo 7º.-*Importe das axudas.*

O importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde non poderá superar o 50 por 100 dos gastos derivados do desenvolvemento do programa. Os gastos derivados das accións descritas no punto 3 do artigo 4º poderán ser, como máximo, de 1.000 euros por explotación na fase de implantación e de 500 euros na fase de mantemento. Os gastos derivados das accións descritas no punto 2 do artigo 4º poderán ser, como máximo, de 500 euros por explotación.

Artigo 8º.-*Solicitudes e prazo.*

1. As solicitudes dirixiranse ao conselleiro do Medio Rural e presentaranse preferentemente no rexistro xeral da Consellería do Medio Rural en Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo co modelo do anexo I.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

3. A presentación da solicitude de axuda supón a autorización ao órgano xestor para obter os certificados que emitirán a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social e a comunidade autónoma para os efectos de acreditar que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia.

Artigo 9º.-*Documentación.*

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

A) CIF da entidade solicitante e documentación adicional de acreditación da personalidade xurídica desta.

B) Relación nominal de socios titulares das explotacións que participen no programa.

C) Unha base de datos informática coa estrutura indicada no anexo IV, co formato facilitado pola Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, antes de iniciar a execución do programa, en que se inclúan os datos das explotacións acollidas a este.

D) É imprescindible a presentación do anexo II no cal se reflicta o compromiso de adhesión aos programas de mellora e afianzamento da calidade do leite producido nas explotacións en todos os casos agás para explotacións incluídas nun programa básico que no ano 2007 tivesen asinado o dito compromiso.

Ademais, no caso de explotacións que no ano 2007/2008 tivesen realizado o programa con outra entidade, deberán xuntar o anexo II acompañado do anexo XI de cambio de agrupación, debidamente

asinado e documentado con copia do seu documento nacional de identidade.

Para explotacións que desexan integrarse en programas intensivos ou de certificación, será obrigatorio realizar inescusablemente as accións básicas dentro da mesma agrupación.

Os produtores beneficiarios do programa autorizarán o LIGAL ou outros laboratorios que estean autorizados, como laboratorios responsables dos controis analíticos, para que lle faciliten á Consellería do Medio Rural os resultados das análises mensuais de calidade do leite para o pagamento por calidade das súas explotacións mediante a sinatura do anexo II.

No caso de que o titular da explotación non coincida co titular da cota ou coa persoa física ou xurídica dada de alta no Laboratorio Interprofesional de Análise de Leite (LIGAL), farase constar neste anexo.

E) Relación informatizada da totalidade dos socios ou provedores vinculados á agrupación que conterà, polo menos, o nome do titular e o seu NIF ou CIF.

F) Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

G) Factura pro forma dos equipos que se adquiran, de ser o caso. De acordo co artigo 31.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o gasto supere a contía de 12.000 € no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás nos casos en que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

H) Relación de gastos derivados das accións de formación, tanto do persoal técnico como dos produtores integrantes do programa.

I) Folla resumo cuberta na súa totalidade, conforme o anexo III.

J) No caso de que o solicitante sexa un primeiro comprador, o compromiso do pagamento diferencial dos parámetros de calidade do leite.

K) No caso de programas de certificación externa da calidade hixiénico-sanitaria do leite producido na explotación, deberase achegar a seguinte documentación:

1. Memoria do programa.

2. Contrato coa entidade certificadora externa.

3. Identificación e cualificación da entidade certificadora e o seu certificado de estar acreditada por

ENAC fronte a ese produto ou proceso e fronte á norma 45.011.

4. Lista de tarifas de la empresa certificadora.

L) No caso de programas intensivos, xunto á lista das explotacións integrantes deberá presentarse unha memoria descritiva do programa así como documento normativo ou referencial que o regule e os modelos de revisión para explotacións e implantación de rexistros segundo o dito no punto 2 do artigo 4º.

Artigo 10º.-*Tramitación e resolución.*

1. Se as solicitudes non están debidamente cubertas, se non se achega a documentación establecida ou se o expediente presenta defectos corrixibles, a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria requirirá o interesado para que, nun prazo máximo de dez días, emende os erros ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 42º, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As axudas recollidas nesta orde tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva. A ordenación e instrución realizaraas o Servizo de Fomento Asociativo Agrario e a súa avaliación levaraa a cabo, segundo os criterios establecidos no punto 6 deste artigo, unha comisión de valoración presidida polo xefe do Servizo de Fomento Asociativo Agrario ou a persoa que este designe para o efecto e tres (3) vogais, dos cales un exercerá de secretario.

3. A comisión de valoración formulará un informe de outorgamento ao director xeral que, pola súa vez, propondrá a aprobación das axudas ao conselleiro do Medio Rural.

4. O conselleiro do Medio Rural resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

5. O prazo máximo para ditar e notificar a correspondente resolución será de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

6. Na avaliación dos programas considerarase o número de gandeiros incluído no programa e a idoneidade destes, téndose en conta o volume de leite que represente cada programa. Dentro destes criterios terán preferencia:

a) Cooperativas de produción láctea: 10 puntos.

b) Primeiros compradores autorizados: 8 puntos.

c) Outras fórmulas xurídicas: 5 puntos.

7. Xunto á resolución de aprobación da axuda enviaráselle a cada beneficiario un modelo de aceptación desta, onde lle será requirida información exacta sobre o persoal encargado do desenvolvemento do programa, prazos de realización, así como relación das actuacións realmente efectuadas no período comprendido entre o 1 de maio de 2008 e a data de resolución.

O beneficiario disporá dun prazo de dez (10) días hábiles desde a recepción desta comunicación para a presentación desta información.

A falta de presentación da aceptación da axuda acompañada da documentación requirida entenderase como desistencia das axudas concedidas, polo que quedará sen efecto a resolución de concesión.

Artigo 11º.-*Xustificación e pagamento.*

1. O programa ten unha duración de doce (12) meses contados a partir do 1 de maio de 2008, rematados os cales os seus beneficiarios comunicarán a súa finalización á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria no prazo máximo dun mes, xuntando unha memoria explicativa sobre a súa realización, resultado da avaliación en cada unha das explotacións e a incidencia na mellora e afianzamento da calidade do leite, facendo especial fincapé nos dous obxectivos principais do programa citados no artigo 1º desta orde.

2. Xunto coa xustificación final do programa achegarase a seguinte documentación:

a) No caso de control de equipamentos de muxidura e equipamentos refrixerantes, resultados da testaxe de todas as instalacións de muxidura controladas, de acordo co anexo XIX (control de instalación de muxidura) e anexo X en que, obrigatoriamente, se fará constar o nome do controlador autorizado pola Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, así como o cálculo da instalación necesaria para cada explotación polos novos requirimentos da normativa de muxidura.

b) Partes de visita das actuacións derivadas de programas de asesoramento técnico que non fosen entregados ao longo do programa.

c) En canto á información das alíneas a) e b), ademais do soporte papel requirido nos anteriores puntos deberase presentar a información gravada. Remítirase o ficheiro informático coas revisións e visitas realizadas.

d) Copia cotexada das nóminas e os TC do persoal contratado para a execución do programa.

e) Facturas orixinais ou copias cotexadas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa dos bens e/ou servizos adquiridos para levar a cabo

o programa. As facturas deberán constar de número e de data de factura comprendida no período subvencionable, é dicir, desde o 1 de maio de 2008 ata o 30 de abril de 2009.

f) Xustificación documental do aboamento dos pagamentos correspondentes:

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta orde.

Realizarase mediante a achega de orixinal e copia, para a súa compulsu e selaxe, dalgún dos documentos que se relacionan a continuación:

Como regra xeral, presentarase xunto coa factura definitiva a xustificación de transferencia bancaria do pagamento desta polo beneficiario, na cal conste a referencia á factura obxecto de pagamento e ao destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.) achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) na cal conste claramente que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

Admitirase calquera outro documento acreditativo do pagamento con validez xurídica no tráfico mercantil sempre e cando permita verificar a efectividade e rastrexabilidade do pagamento e a súa realización dentro do prazo de xustificación.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas obxecto de pagamento.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pagamento, así como ir acompañada dunha relación de todos os documentos de pagamento e importes acreditativos do pagamento desa factura.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto.

No caso de facturas en moeda estranxeira, deben xuntarse aos documentos bancarios de cargo nos cales conste o cambio utilizado.

Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non exceda 3.000 €. Neste caso, o pagamento xustificarse mediante certifica-

ción expresa, asinada, datada e cuñada polo provedor, na cal se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pagamento empregado. Esta certificación acompañará a factura preceptiva.

Para gastos de escasa contía que non superen os 300 euros, admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo provedor na cal figure a expresión «recibín» en metálico.

3. O pagamento das axudas estará condicionado á evolución e ao grao de consecución dos obxectivos programados. Poderanse efectuar pagamentos parciais de acordo co disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

As accións que se vaian desenvolver serán sometidas a seguimento en canto á calidade técnica do traballo, sobre todo no relativo ás revisións das instalacións de muxidura e aos labores de asesoramento nas explotacións.

4. Para poder percibir a axuda, o beneficiario deberá acreditar que está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. Quedan exentos desta acreditación os beneficiarios cuxo importe de axuda sexa inferior a 1.500 euros segundo a alínea g do artigo 45 da Lei 16/2007, do 26 decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

5. Efectuadas as comprobacións oportunas, a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria procederá ao pagamento das axudas.

6. Esta dirección remitirá á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), de acordo co artigo 10 do Real decreto 460/2002, do 24 de maio, a relación de beneficiarios e as axudas pagadas, así como un informe global da eficacia e grao de consecución dos obxectivos pretendidos coa aplicación dos programas.

Artigo 12º.-Financiamento das axudas.

O financiamento das axudas reguladas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2008, nos cales existe crédito adecuado suficiente na aplicación 08.1103.712C.770.5, por importe dun millón de euros (1.000.000 euros) para o ano 2008 e de dous millóns e medio de euros (2.500.000 euros) para o ano 2009. Estas dotacións poderán verse incrementadas con achegas desta ou doutras administracións.

Artigo 13º.-*Seguimento e control da concorrencia e acumulación de axudas.*

1. Os solicitantes das axudas previstas nesta orde xuntarán, coa solicitude inicial, unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda, efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, polas distintas administracións públicas.

2. Ademais, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do pagamento final, o solicitante presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3. O importe total das axudas públicas por beneficiario non superará, en ningún caso, a cantidade de 100.000 euros nun período de tres (3) exercicios fiscais de acordo co disposto na directriz comunitaria (2000/C28/02) sobre axudas estatais ao sector agrario.

Artigo 14º.-*Obriga de facilitar información.*

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lle poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, o beneficiario da axuda ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lle sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección e control.

Artigo 15º.-*Modificación da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 16º.-*Reintegro da axuda.*

Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda máis os xuros de demora devengados desde o pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 38/2003, do 13 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 17º.-*Recursos administrativos.*

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados en aplicación desta orde, esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes con-

tado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Disposicións adicionais

Primeira.-*Infraccións e sancións.*

Seralles de aplicación aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda.-*Normativa subsidiaria.*

En todo o non previsto nesta orde observarase o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que non se opoña ao dito no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.-*Publicidade das axudas.*

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* nº 53, do 9 de agosto), de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
MEDIO RURAL E MARIÑO**
Dirección Xeral de Gandería

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DO LEITE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR403A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA/ENTIDADE		CIF
ENDEREZO		PROVINCIA
LOCALIDADE		
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

E na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		PROVINCIA
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA)	
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA
<input type="checkbox"/> RELACIÓN NOMINAL DE SOCIOS EN PROGRAMA E SOPORTE INFORMÁTICO POR TIPO DE PROGRAMA
<input type="checkbox"/> CÓDIGOS IDENTIFICACIÓN FISCAL
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA
<input type="checkbox"/> MEMORIA DO/S PROGRAMA/S DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE/N DESENVOLVER
<input type="checkbox"/> CONTRATOS DOS TÉCNICOS OU EMPRESAS E TITULACIÓN DESTES
<input type="checkbox"/> FACTURAS PRO FORMA DOS INVESTIMENTOS
<input type="checkbox"/> COMPROMISO DO PAGAMENTO DIFERENCIAL (CASO DE PRIMEIROS COMPRADORES)
PROGRAMA BÁSICO <input type="checkbox"/> PROGRAMA INTENSIVO <input type="checkbox"/> PROGRAMA DE CERTIFICACIÓN <input type="checkbox"/>
RELACIÓN DE ANEXOS: <input type="checkbox"/> I <input type="checkbox"/> II <input type="checkbox"/> III <input type="checkbox"/> XI

OBSERVACIÓNS:

O que asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do _____, da Consellería do Medio Rural, para levar a cabo os programas de accións de asesoramento para a mellora e o afianzamento da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 22 de xullo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora e o afianzamento da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____	RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

PROGRAMA DE ACCIÓNS DE ASESORAMENTO PARA A MELLORA DA CALIDADE DO LEITE PRODUCIDO E RECOLLIDO NAS EXPLOTACIÓNS

COMPROMISO DO GANDEIRO

Este compromiso establécese no marco do R.D. 460/2002, do 24 de maio, que regula os programas de accións de asesoramento para a mellora da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

Este programa baséase na relación técnica profesional entre os gandeiros, titulares de explotacións agrarias, as cooperativas, agrupacións ou primeiros compradores en que se encontran inmersas as ditas explotacións e as empresas de servizos ou técnicos individuais, que prestan determinada asistencia aos anteriores.

A validez deste compromiso queda condicionada á aprobación dos programas por parte da Consellería do Medio Rural, de acordo coa Orde do _____ (DOG nº _____, do _____) ao abeiro do disposto no R.D. 460/2002, do 24 de maio.

B. O GANDEIRO COMPROMÉTESE A:

- Cumprir coas súas obrigas impostas polo réxime de taxa suplementaria.
- Estar presente e participar en cada unha das visitas dos distintos técnicos e aplicar os consellos.
- Utilizar e conservar correctamente a instalación de muxidura, seguindo as operacións de mantemento recomendadas pola Consellería do Medio Rural.
- Realizar as reparacións encomendadas polo controlador autorizado e soportar os gastos que supoña.
- Empregar adecuadamente todos os produtos de limpeza, desinfección e prevención de mamite.

AUTORIZO o LIGAL ou outro laboratorio autorizado a que realice as análises para que lle facilite á Consellería do Medio Rural os resultados da calidade do leite da súa explotación, co fin de que poidan ser utilizados no desenvolvemento e avaliación do programa e das actuacións en relación coas condicións establecidas no Regulamento 853/04.

Para os efectos de percepción do pagamento adicional no sector lácteo previsto no artigo 69 do Regulamento 1782/2003 e regulado nos artigos 69 e 70 da orde da Consellería do Medio Rural do 31 de xaneiro de 2008, publicado no DOG do 1 de febreiro de 2008, ACÓLLOME ao sistema de mellora e afianzamento da calidade do leite establecido neste programa.

BÁSICO

INTENSIVO

CERTIFICACIÓN

FICHA DE EXPLOTACIÓN E SINATURA DO CONTRATO

D.		NIF
ENDEREZO		
PROVINCIA	CONCELLO	TFNO.
TITULAR DA EXPLOTACIÓN CON Nº CEA		
CUNHA CANTIDADE DE REFERENCIA ASINADA NA CAMPAÑA 2008/2009	NIF/CIF (COTA)	E REXISTRADO NO LIGAL CO NIF/CIF
<p style="text-align: center;">, de de</p> <hr style="width: 50%; margin: auto;"/> <p>Asdo.: o gandeiro</p>		

ANEXO III

DATOS DA AGRUPACIÓN

EMPRESA/ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS DE CONTACTO CO RESPONSABLE DO PROGRAMA

APELIDOS		NOME	DNI
ENDEREZO		PROVINCIA	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO

RESUMO DO PROGRAMA BÁSICO

CONCEPTO	TOTAL
Nº EXPLOTACIÓNS	
Nº PUNTOS DE MUXIDURA	
Nº TANQUES REFRIXERANTES	
Nº VACAS	

RESUMO DO ORZAMENTO BÁSICO

CONCEPTO	Nº EXPLOTACIÓNS	Nº UNIDADES	ORZAMENTO
TESTAXE PUNTOS			
TESTAXE TANQUES			
TÉCNICO CALIDADE LEITE			
ANÁLISE LEITE			
ANTIBIOGRAMAS			
INVESTIMENTOS	ESPECIFICAR POR DETRÁS		
TOTAL			

PROGRAMA INTENSIVO

CONCEPTO	Nº UNIDADES	ORZAMENTO
Nº EXPLOTACIÓNS		
Nº TÉCNICOS		
INVESTIMENTOS		
TOTAL		

PROGRAMA DE CERTIFICACIÓN

CONCEPTO	Nº UNIDADES	ORZAMENTO
Nº EXPLOTACIÓNS		
Nº TÉCNICOS		
INVESTIMENTOS		
GASTOS CERTIFICACIÓN EXTERNA		
TOTAL		

Os gastos de alimentación constitúen a parte máis importante dos custos de produción. Débese xestionar de forma óptima subministrando aos animais alimentos e auga de calidade e en cantidade adecuadas. Esta práctica ten consecuencias positivas nos resultados técnicos e económicos da explotación.

A correcta alimentación do gando implica a aplicación de coñecementos sobre produción, conservación e características dos alimentos, fisioloxía animal, lexislación, seguranza sanitaria ou benestar animal. A realización desta actividade pon de manifesto o alto grao de profesionalidade que o gandeiro posúe.

2.1 Produción.

Requisitos.

-Os alimentos producidos na explotación non presentan risco microbiolóxico, químico ou físico para os animais ou para o leite.

Prácticas correctas.

-Tómanse as medidas necesarias para asegurar que os alimentos producidos na explotación sexan de calidade adecuada e non conteñan axentes externos contaminantes.

-Se é necesario, realízanse análises dos alimentos producidos na explotación. Arquívanse os resultados destas análises durante o tempo que se utilice o alimento.

-Respéctanse os períodos de supresión dos produtos fitosanitarios ou outros produtos químicos e lodos de depuradora antes de recoller ou de realizar pastoreo directo polo gando.

2.2. Compra.

Requisitos.

-Os alimentos comprados non presentan risco microbiolóxico, químico ou físico para os animais ou para o leite.

Prácticas correctas.

-Cómpranse pensos só a fabricantes rexistrados.

-En cada compra de alimentos, verifícanse as etiquetas e albarás dos alimentos comprados. En particular, verifícase que sexan pensos para ruminantes e que non conteñan substancias ou produtos non autorizados.

-Se é necesario, realízanse análises dos pensos ou alimentos comprados. Arquívanse os resultados das análises durante o tempo que se utilice o alimento.

Arquívanse as etiquetas coa composición dos alimentos comprados durante tres anos.

2.3. Almacenamento.

Requisitos.

-O almacenamento dos alimentos realízase en lugares específicos e de forma adecuada evitando a súa alteración ou contaminación.

Prácticas correctas.

-Non se almacenan produtos tóxicos (fitosanitarios, fertilizantes..) no lugar de almacenamento dos alimentos.

-Protéxense os locais de almacenamento dos alimentos de pragas e de aniñamento de animais.

-Compróbase coa frecuencia adecuada, a ausencia de infestacións por pragas. Se é necesario, aplícase un plan de loita apropiado, que debe estar documentado mediante un plano en que se indique a situación de todas as medidas de control contra pragas, así como as súas características.

-Almacénanse por separado os alimentos, segundo as especies a que van destinados, co fin de evitar as contaminacións cruzadas entre alimentos.

-Límpanse os almacéns dos alimentos coa frecuencia adecuada.

2.4. Subministración dos alimentos.

Requisitos.

-As racións están adaptadas ás necesidades fisiolóxicas dos animais.

-Todos os animais poden ter acceso fácil e directo aos alimentos.

Prácticas correctas.

-Asegúrase a rastrexabilidade dos alimentos subministrados ao rabaño.

-Nun rexistro anótase a natureza e a orixe dos alimentos subministrados. No caso de alimentos comprados, anótase tamén a data de compra e/ou arquívase o albará correspondente.

-Consérvanse estes documentos durante o tempo que se utilice o alimento.

-Asegúrase que a cantidade e a calidade dos alimentos e forraxes subministrados aos animais sexan adecuadas con respecto ás súas necesidades fisiolóxicas.

-Rexístrase a composición das racións subministradas aos animais.

-Só se utilizan alimentos autorizados para ruminantes.

-Utilízanse compostos alimenticios de acordo coa lexislación.

-Se se utilizan aditivos para pensos, respéctanse as indicacións da etiqueta.

-Non se administran substancias ou produtos non autorizados aos animais (fariña de carne, activador de crecemento..).

-Non se empregan substancias que poidan transmitir sabores estraños ao leite.

-Non se subministran aos animais alimentos en mal estado de conservación ou que presenten un risco para a saúde dos animais ou a calidade do leite.

-Rexéitanse os alimentos cubertos de mofo.

-Manéxanse os alimentos de forma correcta con maquinaria e utensilios adecuados.

-Límpanse os comedeiros coa frecuencia adecuada para que permanezan en boas condicións de hixiene.

2.5. Auga.

Requisitos.

-A explotación dispón dun sistema de abastecemento de auga limpa para abeberar os animais. En particular, os valores de concentración de coliformes e de *Escherichia coli* deben encontrarse por baixo dos límites legais establecidos.

Os equipamentos para a subministración de auga están concibidos, construídos e situados de maneira que se reduza ao mínimo o risco de contaminación da auga.

-Todos os animais poden ter acceso fácil e directo á auga para abeberar.

Prácticas correctas.

-Se a auga das instalacións non provén da rede pública, realízase polo menos unha vez ao ano análises para controlar os seus valores microbiolóxicos.

-Consérvanse os resultados das análises da auga dos dous últimos anos.

-Límpanse os bebedeiros coa frecuencia adecuada para que permanezan en boas condicións de hixiene.

3. Estado sanitario dos animais.

Obxectivos.

O bo estado sanitario do rabaño é a base da prevención de enfermidades en xeral e, en particular, axuda a preservar a saúde dos animais e do ser humano. Ademais satisfai ao gandeiro.

Trátase de tomar as medidas adecuadas para evitar a difusión de enfermidades contaxiosas ao persoal da explotación e aos consumidores.

Trátase tamén de evitar a difusión de enfermidades contaxiosas entre animais da granxa, cuxas consecuencias poidan resultar desastrosas para os resultados económicos e zootécnicos da explotación.

Requisitos.

-A explotación respecta o programa nacional de erradicación de enfermidades: brucelose bovina, tuberculose bovina, leucose enzoótica bovina, peripneumonía contaxiosa bovina.

-Para cada movemento de gando dispónse dunha guía sanitaria ou, se é o caso, dun certificado sanitario actualizado.

-Os animais que cheguen á explotación non proveñen dunha explotación ou dunha zona que estea, por motivos sanitarios, suxeita a unha prohibición ou a unha restrición no movemento de animais.

-A explotación dispón dunha zona apropiada de illamento para os animais enfermos ou feridos.

-A explotación dispón de medios adecuados para a limpeza e desinfección.

Prácticas correctas.

-Limítase no posible a entrada de gando de fóra da explotación e, no caso de que se produza, verifícase a súa documentación sanitaria de traslado, o seu documento de identificación e a correspondencia co brinco, notifícase o feito á autoridade competente e mantéñense illados os animais nunha zona apropiada polo menos durante unha semana ou ata obter resultados dos controis que se lles realicen.

-Ségúense os programas de vixilancia e control de zoonoses e de axentes zoonóticos establecidos.

-Vixíflase regularmente o estado de saúde dos animais e o aspecto xeral do gando. En particular, se se aprecian toses ou mucosidade nasal, diarreas ou feces moi brandas con febre, femias con inflamacións de ubres femias con fluxo do aparello xenital.

-En caso de sospeitar unha enfermidade incluída no programa nacional de erradicación, séguense as disposicións establecidas.

-Notifícase a sospeita á autoridade competente e comprométese a seguir a regulamentación vixente.

-Se é necesario, procédese ao illamento dos animais enfermos ou sospeitosos nunha zona apropiada o tempo necesario para comprobar o seu estado sanitario.

-Se é necesario, tras a aparición dunha enfermidade, realízase unha limpeza e desinfección adecuadas da corte e dos equipamentos.

-Para a limpeza e desinfección, utilízanse só produtos autorizados e séguense as instrucións da etiqueta.

-Almacénanse os produtos de limpeza e desinfección nun lugar seguro.

-Un veterinario realiza polo menos unha vez ao ano unha visita á explotación para valorar o estado sanitario do gando.

-Dispónse dun programa sanitario (datas de vacinación..).

-Tense un plan de diagnóstico e control de mami-tes.

-Tense un rexistro no cal se inclúen os resultados dos controis sanitarios efectuados aos animais.

-Arquívase este rexistro durante tres anos.

4. Medicamentos e tratamentos dos animais.

Obxectivos.

É fundamental a necesidade de transparencia e de rastrexabilidade no uso de medicamentos. Debe garantirse a ausencia no leite de residuos de medicamentos, así como de calquera outra substancia perigosa para o consumidor.

Os animais enfermos deben recibir o tratamento adecuado respectando as receitas prescritas por un veterinario. Desta forma o gandeiro asegura a saúde dos seus animais e a optimización da produción do seu rabaño.

4.1. Almacenamento dos medicamentos.

Requisitos.

-Os medicamentos están gardados nun sitio seguro e adecuado, ordenados separando os que poidan utilizarse en gando en lactación dos que non, e se é posible, nunha caixa de primeiros auxilios pechada.

-O acceso ao depósito está limitado aos traballadores con formación, cualificación e/ou experiencia adecuada.

Prácticas correctas.

-Almacénanse os medicamentos seguindo as indicacións definidas na etiqueta.

-Os medicamentos están almacenados no seu envase orixinal.

-Identifícanse claramente as medicinas caducadas e sepáranse.

-Almacénanse por separado os medicamentos que están permitidos para vacas en lactación e os que non o están.

-Mantense limpo e en bo estado o equipamento sanitario.

4.2. Tratamento dos animais.

Requisitos.

-Só os traballadores coa formación, cualificación e/ou experiencia adecuada poden administrar medicamentos e tratamentos aos animais.

-Dispónse de medios para identificar os animais tratados, notificalo a todas as persoas que participen na súa muxidura e poder separar o leite que produzan.

Prácticas correctas.

-Aténdese os animais enfermos e dáselles o tratamento adecuado.

-Utilízanse medicamentos unicamente cando é necesario.

-Utilízanse só medicamentos autorizados e prescritos por un veterinario. Os medicamentos deben estar acompañados da correspondente receita.

-Ségúense estritamente as instrucións da receita ou do prospecto do medicamento.

-Identifícanse os animais en tratamento cun método apropiado e seguro.

-Respéctase escrupulosamente o período de supresión dos medicamentos.

-Cada vez que sexa necesario, sepárase o leite dos animais en tratamento por un sistema de muxidura adaptado.

-En caso de que exista sospeita de que leite de vacas en tratamento se mesturase co leite do tanque, actúase en consecuencia para garantir que no posúe concentracións que impidan que o leite entre na cadea alimentaria.

-Anótase nun rexistro a aparición de enfermidades nos animais, especialmente: as mastites, diarreas con febre e enfermidades do aparello xenital con flu-

xo, así como os medicamentos ou tratamentos administrados coas datas de administración e os tempos de espera.

-Mantense este rexistro e as receitas arquivados durante tres anos.

5. Muxidura, almacenamento e calidade do leite.

Obxectivos.

Perséguese evitar a contaminación do leite durante todas as fases de muxidura e almacenamento. Para as explotacións leiteiras, estas actividades son primordiais para entregar un leite de calidade.

A muxidura é a etapa clave no proceso de produción nunha explotación leiteira. As condicións hixiénico-sanitarias e pautas de muxidura deben garantir a produción dun leite de calidade e unha imaxe de explotación adecuada.

Débense tomar as medidas apropiadas para muxir respectando a saúde das vacas e o seu benestar, así como garantir boas condicións de traballo para o muxidor.

A leitaría (local de almacenamento do leite) é o enlace da explotación co exterior. O almacenamento do leite débese realizar nas mellores condicións hixiénico-sanitarias.

Débense tomar as medidas adecuadas para evitar que o leite poida deteriorarse durante o seu almacenamento.

5.1. Local de muxidura e leitaría.

Requisitos.

-O local de muxidura e a leitaría están deseñados e equipados para garantir condicións hixiénico sanitarias adecuadas e protexer o leite contra calquera foco de contaminación.

-O chan e as paredes son fáciles de limpar e desinfectar. O chan facilita a evacuación dos líquidos, existe un sistema de drenaxe dos líquidos. Os sistemas de iluminación e ventilación son satisfactorios.

-A leitaría está separada do exterior por medio dunha porta que permita o seu peche. Ten un teito illado e pechado.

-Os locais de muxidura e de almacenamento do leite están separados de toda fonte de contaminación como servizos e esterqueiras.

-A leitaría está claramente separada dos locais en que están estabulados os animais e do local en que se moxe.

-Nos locais de muxidura e de almacenamento do leite dispónse dun sistema de abastecemento de auga de consumo humano (auga potable) suficiente.

-Se a auga non provén da rede pública, para os locais de muxidura e de almacenamento do leite dispónse dun sistema de potabilización adecuado e suficiente.

-Os equipamentos para a subministración de auga están concibidos, construídos e situados de tal

maneira que se reduza ao mínimo o risco de contaminación da auga.

-En particular, o sistema de abastecemento de auga é completamente seguro para impedir a contaminación da auga por produtos tóxicos.

-Garántese un abastecemento de auga quente en cantidade e temperatura suficientes (que acade polo menos os 40° C).

Prácticas correctas.

-Elimínase o lixo e desperdicios de maneira adecuada. Nunca se depositan nin no local de muxidura nin no local de almacenamento do leite.

-Tómanse as medidas apropiadas para evitar a introdución e a presenza de animais danifios e pragas nestes locais.

-Compróbase coa frecuencia adecuada a ausencia de infestacións por pragas. Se é necesario, aplícase o plan de loita apropiado, que debe estar documentado mediante un plano en que se indique a situación de todas as medidas de control contra pragas, así como as súas características.

-Non se almacenan produtos químicos, medicamentos ou residuos perigosos no local de muxidura ou na leitaría.

-Se a auga das instalacións non provén da rede pública, realízanse análises coa frecuencia adecuada para garantir a súa potabilidade.

-Neste caso, consérvanse os resultados das análises da auga realizadas nos dous últimos anos.

-Límpase o local de muxidura inmediatamente despois de cada muxidura e a leitaría polo menos unha vez ao día.

5.2. Materiais, equipamentos de muxidura e de refrixeración do leite.

Requisitos.

-Os equipamentos e materiais deben garantir un sistema de muxidura e almacenamento do leite en condicións hixiénico-sanitarias adecuadas e protexer o leite contra calquera foco de contaminación.

-As superficies dos equipamentos en contacto co leite son fáciles de limpar. Son de materiais lisos, lavables e non tóxicos.

-A regulación da máquina de muxidura (baleiro, pulsación..) está adaptada aos animais.

-O tanque dispón dun dispositivo de medida da temperatura.

-O leite almacenado no tanque debe ter unha temperatura máxima de 8°C no caso de recolla diaria e de 6°C noutros casos. O tanque debe ser capaz de acadar esa temperatura nun tempo máximo de tres horas desde o final da muxidura. A temperatura mínima é de 0°C.

Prácticas correctas.

-Para todas as operacións de limpeza de equipamentos ou materiais en contacto co leite, utilízase auga de consumo humano.

-Límpase o equipamento de muxidura e o equipamento de refrixeración do leite segundo procedementos establecidos: enxaugadura con auga fría ou morna, lavado con auga quente e deterxente desinfectante alcalino adecuado (segundo as indicacións establecidas polos fabricantes dos produtos empregados canto a concentración, temperatura e tempo de actuación), aclaramento final suficiente, escurridura ou drenaxe de todas as partes do equipamento. Coa frecuencia adecuada, elimínanse os depósitos de cal cun produto ácido apropiado.

-Límpase o equipamento de muxidura despois de cada muxidura.

-Realízase a limpeza e desinfección do tanque despois de cada recolla de leite e, polo menos, cada 48 horas.

-Límpanse e desinfectanse os recipientes e materiais que se encontran en contacto co leite, despois de cada muxidura, manténdose adecuadamente protexidos ata o seu seguinte uso.

-Utilízanse produtos de limpeza e desinfección recoñecidos e autorizados. Estes produtos están correctamente etiquetados.

-Séguese as instrucións de uso para os produtos químicos e respéctase unha rutina de limpeza establecida de tal modo que non haxa risco de que o produto de limpeza ou desinfectante utilizado se mesture co leite ou poida contaminalo.

-Arquívanse todas as fichas técnicas e de seguranza dos produtos utilizados.

-Mantense en boas condicións de uso e hixiénico-sanitarias os equipamentos de muxidura e de refrixeración do leite, respectando as normas do fabricante.

-Renóvanse as pezas que sofren deterioración co uso, como teteoiras e tubos elásticos, segundo as indicacións do fabricante, conservando as facturas ou albarás delas, coas súas especificacións técnicas e a data da súa instalación polo menos ata a súa reposición.

-Asegúrase diariamente o bo funcionamento do equipamento de muxidura.

-Compróbase diariamente o bo funcionamento do tanque, en particular o tempo que tarda en acadar a temperatura de refrixeración e o mantemento desta.

-Polo menos unha vez ao ano un técnico autorizado realiza unha revisión completa dos equipamentos de muxidura e de refrixeración do leite. Consérvanse as fichas de revisión dos equipamentos asinadas polo técnico ata a súa actualización, así como os xustificantes das posibles reparacións realizadas.

5.3. Muxidores.

Requisitos.

-Os muxidores cumpren as normas de hixiene canto a actitudes, hábitos e comportamentos.

-Os muxidores teñen unha formación adecuada en hixiene alimentaria.

-Os muxidores dispoñen de instalacións para traballar en condicións de hixiene apropiadas.

Prácticas correctas.

-Móxese segundo un plan establecido vixiando protexer o leite contra calquera foco de contaminación.

-As persoas que padezan enfermidades contaxiosas non moxen.

-O muxidor lava as mans e brazos con auga potable antes de cada muxidura e cada vez que sexa necesario durante o proceso de muxidura.

-O muxidor usa roupa limpa para muxir.

-Non se pode proceder á muxidura con feridas abertas.

-Non se pode fumar, beber, comer... durante a muxidura.

-Un responsable recibe cursos periodicamente e transmite a información aos demais.

-Lévase un rexistro actualizado dos muxidores.

5.4. Pautas de muxidura. Requisitos.

-A muxidura realízase segundo procedementos establecidos, respectando as necesidades fisiolóxicas e protexendo a saúde dos animais.

-A muxidura realízase en condicións hixiénico-sanitarias adecuadas.

-A rutina de muxidura garante poder detectar leite anormal.

Prácticas correctas.

-Realízase cada paso da rutina de muxidura con coidado e sen traumas para a vaca.

-Utilízase un sistema adecuado e seguro para separar o leite non apto para o consumo humano (leite de animais enfermos ou en tratamento).

-Antes de empezar a muxidura:

* Verifícase que os animais non presenten síntomas de enfermidades contaxiosas transmisibles ao home, que non poidan transmitir ao leite características organolépticas anormais, que estean en bo estado de saúde xeral e que non presenten ningunha ferida no ubre.

* Verifícase a limpeza dos animais, en particular dos ubres.

* Obsérvase e apálpase o ubre para detectar posibles signos de mamite.

* As mamilas poden lavarse con auga morna e secarse con toallas individuais ou limparse con toallas impregnadas nunha solución desinfectante para cada vaca. Para isto, só se utilizan produtos de desinfección autorizados.

* Contrólase o leite de cada animal. Obsérvase, en particular, a presenza de coágulos, fibras ou augadura do leite.

* Elimínanse os primeiros cichos de leite.

-Colócanse as teteoiras con precaución e practícase unha muxidura rápida e completa, evitando os sobremuxaduras.

-Retíranse as teteoiras de forma correcta, sempre tras ter cortado o baleiro.

-Inmediatamente despois da muxidura, pulverízanse as mamilas cun desinfectante autorizado, seguro e efectivo.

-Inténtase evitar que as vacas se deiten inmediatamente despois da muxidura.

5.5. Calidade do leite.

Requisitos.

-O leite cumpre con requisitos legislativos para xermes, células somáticas, punto crioscópico e ausencia de residuos de antibióticos.

Prácticas correctas.

-Cada mes recóllense polo menos dúas mostras de leite para a súa análise.

-Os resultados das análises utilízanse como indicadores para actuar sobre:

* Concentración de xermes: limpeza das instalacións e o gando ou a limpeza e funcionamento do sistema de muxidura e almacenamento do leite.

* Concentración de células somáticas: situación de mamites do rabaño, estado das instalacións (camas), muxidura (baleiro), contaxios.

* Punto crioscópico: limpeza e funcionamento do equipamento de muxidura.

* Ausencia de residuos de antibióticos: funcionamento do sistema de identificación, notificación e separación do leite de animais tratados.

-En caso de realizar control leiteiro, os resultados individuais das células somáticas de cada vaca utilízanse como indicador do estado sanitario do seu ubre e para realizar posteriores revisións (test California de mamites, mostras por cuarteiróns e cultivos).

-Mantense un rexistro actualizado cos resultados das análises das mostras de leite realizadas.

-Arquívase este rexistro durante tres anos.

6. Ambiente.

Obxectivos.

A sociedade está moi sensibilizada coa conservación do ambiente e evitar a contaminación.

O almacenamento e a utilización de produtos químicos e de residuos constitúen a principal fonte de contaminación potencial nunha explotación gandeira. Convén tomar todas as medidas para evitar posibles problemas de contaminación. Utilizar os xurros, esterco, produtos fitosanitarios e fertilizantes respectando boas prácticas permite ao gandeiro optimizar os custos de produción da súa explotación. Así poden mellorar os seus resultados técnicos.

O contorno da explotación debe estar ben mantido porque é un elemento esencial para a imaxe do gan-

deiro, tanto para os seus clientes, os seus provedores como para o resto da sociedade.

6.1. Almacenamento e utilización dos produtos químicos, produtos fitosanitarios, fertilizantes e produtos zosanitarios.

Requisitos.

-Os produtos fitosanitarios e fertilizantes están almacenados nun lugar específico.

-Os insecticidas, fertilizantes e outros produtos fitosanitarios utilízanse segundo os principios dunha agricultura respectuosa co ambiente.

-O persoal que manipula estes produtos ten formación, cualificación e/ou experiencia adecuadas.

Prácticas correctas.

-Almacénanse os produtos fitosanitarios nun lugar seguro, ben ventilado e iluminado e, se é posible, pechado con chave.

-Para o almacenamento dos produtos químicos tense en conta a contaminación potencial dos cursos de auga e do solo.

-Utilízanse produtos químicos autorizados, rexistrados, correctamente etiquetados e almacenados no seu envase orixinal.

-Consérvanse, mentres continúe a súa utilización, as etiquetas e albarás dos produtos químicos utilizados.

-Non se achegan nutrientes en cantidade superior ás necesidades da planta. Sempre que sexa posible, aplícase o fertilizante cando o cultivo máis o necesita.

-Dispónse da información suficiente sobre o tipo de produto máis adecuado, así como sobre as cantidades recomendadas.

-Se é necesario, realízanse análises de terra.

-Non se aplican fertilizantes nunha franxa de 5 a 10 metros de distancia das beiras de cursos de auga. Non se aplican fertilizantes nunha franxa entre 30 e 50 metros arredor dos pozos de auga ou das pozas onde beben animais.

-Utilízanse e dosifícanse os produtos fitosanitarios, tendo en conta o estado dos cultivos. Dispónse da información suficiente sobre o tipo de produto máis adecuado así como sobre as cantidades recomendadas.

6.2. Almacenamento e utilización dos xurros e esterco.

Requisitos.

-A capacidade e os sistemas de almacenamento dos xurros e esterco son adecuados.

Prácticas correctas.

-Sempre que sexa posible os xurros e esterco procedentes do gando utilízanse como fertilizantes naturais. Neste caso, tómanse as mesmas precaucións que co fertilizante químico.

-Para o espallamento de xurros e esterco, respéctase o código de boas prácticas agrarias para a protección da auga.

-Almacénanse os xurros e esterco evitando que se produzan lixiviados.

-Canalízanse e manéxanse adecuadamente os residuos líquidos (verteduras...) para evitar unha contaminación cruzada da auga.

-No caso particular de que se utilicen lodos de depuradora, contrólase e rexístrase o seu uso. Dispónse da documentación adecuada (proceso de tratamento, composición dos lodos) para os lodos espallados sobre os seus terreos.

-Nos casos necesarios, tense un rexistro actualizado de fertilizantes, de espallamentos e tratamentos fitosanitarios.

6.3. Envases baleiros e produtos caducados.

Requisitos.

-Os envases baleiros e produtos caducados elimínanse adecuadamente.

Prácticas correctas.

-Almacénanse os envases baleiros e produtos caducados nun lugar seguro.

-Non se volven utilizar envases baleiros de produtos químicos.

-Recóllense os envases baleiros con precaución, xestiónanse como residuos perigosos e lévanse ata o punto de recolla autorizado máis próximo.

-En todos os casos, utilízanse sistemas oficiais de recolección e eliminación de envases baleiros.

-Nunca se abandonan os sacos ou bolsas de plástico no contorno.

-Elimínanse os insecticidas caducados para evitar todo tipo de contaminación ou uso inadecuado.

-Sempre que sexa posible, adquirense fertilizantes a granel para evitar ter que xestionar os envases (sacos).

6.4. Imaxe da explotación.

Requisitos.

-O aspecto exterior da explotación é adecuado.

Prácticas correctas.

-Mantéñense os accesos ás instalacións para que estean limpos e sexan de fácil acceso a todo tipo de vehículo.

-Límpanse e arránxanse as inmediacións da granxa.

7. Benestar animal.

Obxectivos.

O aloxamento e o manexo do rabaño deben respectar as necesidades fisiolóxicas e etolóxicas dos animais. A sociedade está moi sensibilizada con este tema e é preciso responder ás súas expectativas.

Un manexo adecuado do rabaño reduce os riscos de accidente co persoal e optimiza o rendemento dos

animais. Animais en bo estado fisiolóxico, aloxados en condicións hixiénicas adecuadas, constitúen tamén un elemento de satisfacción para o gandeiro.

7.1. Aloxamento dos animais.

Requisitos.

-Os materiais utilizados para a construción e o mantemento dos locais de aloxamento non son prexudiciais para os animais.

-A explotación dispón dun espazo apropiado para permitir a cada animal moverse e relacionarse de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas.

-Os animais son mantidos en condicións hixiénico sanitarias e de aloxamento adecuadas.

-O gando mantido ao aire libre dispón de protección contra as inclemencias do tempo.

-A circulación do aire, o nivel de po, a temperatura, a humidade relativa do aire e a concentración de gas mantéñense dentro de límites non prexudiciais para os animais.

-Nos locais de aloxamento dos animais están previstas unha zona de partos para as vacas e unha zona para illar os animais enfermos, feridos ou sospeitosos.

-Os locais de aloxamento dos animais non presentan bordos afiados ou saíntes.

-O chan dos locais de aloxamento dos animais está adaptado para evitar que os animais caian ou esvaíren.

-Os atrapadores non ocasionan feridas e evitan todo risco de estrangulación.

-O aloxamento e cría dos becerros realízase segundo establece a normativa.

Prácticas correctas.

-Mantense a corte en bo estado e fanse revisións periódicas das instalacións.

-Mantense unha ventilación e unha iluminación suficientes e adaptadas no local de aloxamento dos animais.

-Non se expoñen os animais nin a unha escuridade permanente nin á luz artificial sen interrupción.

-Non se crían porcinos nin aves de curral nos locais de aloxamento dos animais.

-Non se almacenan na corte produtos químicos ou doutro tipo que poidan representar un perigo para os animais.

-Elimínanse o lixo e os desperdicios de maneira adecuada. Nunca se depositan na corte.

-Tómanse as medidas oportunas para asegurar a ausencia de pragas na corte.

-Compróbase coa frecuencia adecuada a ausencia de infestacións por pragas. Se é necesario, aplícase o plan de loita apropiado.

-Límpase a corte coa frecuencia adecuada utilizando produtos autorizados.

-Límpanse as camas dos animais coa frecuencia adecuada para que permanezan secas e en boas condicións de hixiene.

7.2. Manexo dos animais.

Requisitos.

-O persoal que manexa os animais ten a formación, cualificación e/ou experiencia adecuadas.

Prácticas correctas.

-Aplícanse técnicas e procedementos correctos para evitar perigos durante o manexo dos animais.

-Inspecciónase o estado xeral dos animais unha vez ao día como mínimo.

-Verifícase, en particular, que os animais non padezan dores, sufrimentos nin danos inútiles.

-Non se aplican prácticas traumáticas aos animais, en especial a atadura ou o corte do rabo.

-Tómanse as medidas necesarias para protexer os animais de coxeiras.

-En caso de realizar a escorna, empréganse métodos o menos traumáticos posible.

-En caso de excesiva sucidade dos animais, tómanse medidas para remediala.

-En caso de morte dun animal, íllase o cadáver do resto do rabaño. Comunícase o suceso á organización competente para recollelo.

8. Persoal da explotación e axentes externos.

Obxectivos.

As diferentes persoas que traballan ou interveñen na explotación deben ter a competencia adecuada.

Así limítanse os riscos de erro ou de manexo inadecuado nas diferentes actividades da explotación, evítanse accidentes e garántese un rendemento técnico económico óptimo.

8.1 Condicións de traballo.

Requisitos.

-Os edificios e locais dos lugares de traballo garanten a seguranza e as condicións hixiénico-sanitarias satisfactorias para os empregados.

-O persoal ten formación, cualificación e/ou experiencia en relación coa actividade que desenvolve na explotación (manipulación de produtos químicos, medicamentos, manexo dos animais, riscos sanitarios, benestar animal, nutrición, residuos, hixiene alimentaria ...).

-O persoal é suficiente con respecto ás necesidades da explotación.

-O persoal dispón dun sistema de abastecemento de auga potable suficiente, así como dos medios suficientes para remediar pequenos accidentes e, en concreto, dunha caixa de primeiros auxilios completa.

-As persoas en contacto cos animais e co leite non poden transmitir enfermidades contaxiosas.

Prácticas correctas.

Sempre que sexa necesario, o persoal utiliza equipamentos de protección e de traballo apropiados (botas, luvas...).

8.2. Axentes externos.

Requisitos.

As persoas en contacto cos animais e co leite están en bo estado de saúde e respectan as normas.

Prácticas correctas.

-Selecciónanse os axentes exteriores para o asesoramento e intervencións segundo a súa competencia.

-Limítase o acceso das persoas alleas á explotación.

No caso de acceso de persoas alleas á explotación, estas persoas levan o equipamento e a roupa apropiados.

Rexistros mantidos na explotación

1. Libro de rexistro da explotación.

Neste rexistro, anótase para cada movemento do animal:

-A data do movemento.

-O número de identificación do animal.

-O tipo de movemento (entrada, saída, nacemento, morte).

-No caso de venda ou de compra, os datos do vendedor ou comprador.

Tempo de arquivo: 3 anos.

2. Rastrexabilidade do leite. Sistema Letra Q. Mostraxes de leite.

Nun rexistro, anótanse para cada entrega de leite:

-A data da entrega.

-A cantidade de leite entregado.

-O operador de recolla.

-O código da cisterna de recolla.

-Os resultados de análises no caso de recolla de mostraxas.

Tempo de arquivo: 3 anos.

3. Alimentación do rabaño.

Nun rexistro, anótanse por alimento subministrado aos animais:

-A natureza do alimento.

-A orixe do alimento (producido na explotación, comprado noutra explotación, fabricante de pensos...).

No caso de alimentos comprados (pensos e forraxes):

-Os datos do provedor.

-A data de compra.

-O número do lote.

-O número de albará ou factura.

-A composición do alimento (e/ou arquívase a etiqueta ou albará).

Rexístrase a composición da ración de cada lote de alimentación.

No caso de realizar pastoreo rexístranse os lotes, as datas e as parcelas.

Arquívanse os resultados das análises dos alimentos, no caso de realizalas.

Tempo de arquivo: 3 anos.

4. Auga das instalacións.

Se a auga das instalacións non provén da rede pública.

Nun rexistro arquívanse os resultados das análises da auga realizadas.

Tempo de arquivo: 2 anos.

5. Controis sanitarios efectuados ao gando.

Nun rexistro, anótanse:

-A data do control.

-A natureza do control e o seu obxectivo.

-A identificación do animal controlado.

-O resultado do control.

Tempo de arquivo: 3 anos.

6. Enfermidades e tratamentos dos animais.

Nun rexistro, anótanse para cada animal tratado:

-A data.

-A identificación do animal tratado.

-A enfermidade tratada.

-Os medicamentos ou tratamentos administrados.

-As datas de administración.

-Os tempos de espera coa data de incorporación do leite ao tanque.

Tempo de arquivo: 3 anos.

7. Muxidores.

Nun rexistro, anótanse para cada muxidor:

-A data de incorporación.

-A data de saída.

-O nome e apelidos.

-A formación, cualificación e/ou experiencia.

8. Fertilizantes e tratamentos fitosanitarios.

Nun rexistro, anótanse para cada operación:

-A data.

-A natureza da operación:

* Fertilizante (fertilizantes químico, xurros ou esterco, lodos...).

* Tratamento fitosanitario.

-O lugar de espallamento.

-A cantidade espallada.

ANEXO VIII

MODELO DE ENQUISA PARA A AVALIACIÓN DAS CONDICIÓNNS DE PRODUCCIÓN DE LEITE CRU

1. CONDICIÓNNS DE CUMPRIMENTO DO PRODUTO E DOS ANIMAIS	Si	Non
Identificación da explotación:		
1.- A explotación está identificada co código Simogan e rexistrada de acordo coa lexislación vixente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Identificación dos animais:		
2.- Os animais da explotación están correctamente identificados (brinco, guía sanitaria e DIB); segundo a lexislación vixente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3.- O gandeiro mantén actualizado o Libro da explotación anotando todas as altas e baixas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Rastrexabilidade do leite - Letra Q:		
4.- O tanque (ou tanques) da explotación está identificado (número de rexistro de letra Q) segundo a lexislación vixente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5.- A sistema que realiza a recolla está identificada polo número de rexistro de letra Q segundo o a lexislación vixente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6.- O gandeiro mantén actualizado o rexistro de entregas e arquiva os cheques acreditativos da recolla.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2. ALIMENTACIÓN E AUGA PARA OS ANIMAIS		
Produción de alimentos		
7.- Tómanse as medidas necesarias para asegurar que os alimentos producidos na explotación sexan de calidade adecuada.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
8.- Existen análises das forraxes producidas na explotación que se están a consumir nese momento.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
9.- Respéctanse os prazos de seguraza dos produtos fitosanitarios, outros produtos químicos ou lodos de depuradora, antes de cultivar ou de realizar pastoreo directo polo gando.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Compra de alimentos:		
10.- Cómpranse pensos só a fabricantes rexistrados e autorizados.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
11.- Verifícanse as etiquetas e albarás dos alimentos comprados, os cales se arquivarán segundo a lexislación vixente. Compróbase que sexan pensos para ruminantes e que non conteñan substancias ou produtos non autorizados.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Almacenamento de alimentos:		
12.- Os alimentos están illados de focos de contaminación, separados de produtos tóxicos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
13.- Mantense limpo o almacén dos alimentos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
14.- Realízanse controis de pragas e desratizacións, que deben estar documentados.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
15.- Almacénanse por separado os alimentos, segundo as especies a que van destinados.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Subministración dos alimentos:		
16.- As racións están adaptadas ás necesidades fisiolóxicas dos animais.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
17.- Non se empregan produtos non autorizados para ruminantes (fariña de carne, activador de crecemento, anabolizantes).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
18.- Non se subministran aos animais alimentos en mal estado de conservación ou que presentan un risco para a saúde ou a calidade do leite. Desbótanse os alimentos con balor.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
19.- Mantéñense en boas condicións de hixiene os comedeiros; límpanse coa frecuencia necesaria.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
20.- Manéxanse os alimentos de forma correcta con maquinaria e utensilios específicos para tal fin.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Auga:		
21.- A explotación dispón dun sistema de abastecemento de auga limpa para beberen os animais. Os valores de concentración de coliformes e de <i>Escherichia coli</i> deben estar por baixo dos límites legais.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
22.- Asegúrase a subministración de auga aos animais en cantidades suficientes para as súas necesidades fisiolóxicas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
23.- Todos os animais teñen acceso fácil e directo á auga para beber.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
24.- Mantéñense en boas condicións de hixiene os bebedeiros; límpanse coa frecuencia necesaria.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

3. ESTADO SANITARIO DOS ANIMAIS**Si Non**

25.- A explotación cumpre o programa nacional de erradicación de enfermidades.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
26.- O gando incorporado á explotación vén acompañado da documentación pertinente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
27.- A explotación dispón dun local ou lugar axeitado para a corentena dos animais procedentes do exterior e mantéñense illados estes animais ata verificar o seu estado sanitario.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
28.- Vixiase regularmente o estado de saúde dos animais e o aspecto xeral do gando (toses, diarreas ou feces moi brandas con febre, inflamacións de ubres, fluxo do aparello xenital...).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
29.- Se é necesario, procédese ao illamento dos animais enfermos ou sospeitosos nunha zona apropiada o tempo necesario para comprobar o seu estado sanitario.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
30.- Un veterinario realiza polo menos unha vez ao ano unha visita á explotación para valorar o estado sanitario do gando.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
31.- A explotación dispón dun programa sanitario (datas de vacinación...).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
32.- A explotación dispón dun plan de diagnóstico e control de mamite.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
33.- A explotación dispón de medios adecuados para a limpeza e desinfección e mantéñense as instalacións en boas condicións de hixiene.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
34.- A corte dispón de camas suficientes e o estado de limpeza e mantemento é correcto.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
35.- Non existe evidencia de almacenamento ou acumulación de produtos químicos ou doutro tipo que poidan presentar perigo para os animais.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
36.- Almacénanse os produtos de limpeza e desinfección nun lugar seguro.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

4. MEDICAMENTOS E TRATAMENTOS DOS ANIMAIS**Si Non**

Almacenamento dos medicamentos:		
37.- Os medicamentos están gardados nun sitio seguro, pechado e adecuado. Os medicamentos caducados sepáranse do resto.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
38.- Separáranse os medicamentos que se empreguen en lactación dos de secado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
39.- O acceso aos medicamentos está limitado aos traballadores con formación, cualificación e/ou experiencia adecuada.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Tratamento dos animais:		
40.- Identifícanse os animais tratados de forma clara e ben visible para que a segregación do leite sexa eficaz.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
41.- Sempre que sexa preciso, sepárase o leite dos animais en tratamento por un sistema de muxidura seguro ou ben realizaseao muxidura dos animais marcados ao final.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
42.- Respéctase escrupulosamente o período de supresión dos medicamentos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
43.- Aténdense os animais enfermos e dáselles o tratamento adecuado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
44.- Utilízanse só medicamentos autorizados e prescritos por un veterinario. Os medicamentos deben estar acompañados da correspondente receita, a cal se arquiva de acordo coa lexislación vixente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
45.- O libro oficial de tratamentos está debidamente cuberto e actualizado, indicando a dose, a diagnose e o período de supresión.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

5. MUXIDURA, ALMACENAMENTO DO LEITE**Si Non**

Abastecemento de auga potable		
46.- Nos locais de muxidura e almacenamento do leite, se a auga non provén da rede pública, dispónse dun sistema de potabilización (auga desinfectada) adecuado e suficiente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
47.- O sistema de abastecemento de auga é completamente seguro para impedir a contaminación da auga.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
48.- Garántese un abastecemento de auga quente en cantidade e temperatura suficientes (que alcance polo menos os 40° C).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Local de muxidura		
49.- O local de muxidura está separado de toda fonte de contaminación como servizos e esterqueiras (cubrir só explotacións con sala de muxidura, muxidura en praza = non)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
50.- O chan e as paredes son fáciles de limpar e desinfectar.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
51.- O chan facilita a evacuación dos líquidos, existe un sistema de drenaxe dos líquidos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
52.- Os sistemas de iluminación son satisfactorios.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
53.- Os sistemas de ventilación son satisfactorios.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
54.- O local de muxidura mantense limpo; non se almacenan produtos químicos, medicamentos, residuos perigosos, lixos nin desperdicios.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
55.- Tómanse as medidas apropiadas para evitar a entrada e a presenza de animais e pragas. Se é necesario, aplícase un plan de loita apropiado, que debe estar documentado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

	Si	Non
O local de almacenaxe (leitaría)		
56.- A leitaría está separada de toda fonte de contaminación como corte, sala, servizos e esterqueiras.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
57.- A leitaría está separada do exterior por medio dunha porta que permita o seu peche.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
58.- A leitaría ten un teito illado e pechado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
59.- Na leitaría existirá un teito ou falso teito facilmente lavable.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
60.- O chan e as paredes son fáciles de limpar e desinfectar.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
61.- O chan facilita a evacuación dos líquidos, existe un sistema de drenaxe dos líquidos, canalizado cara a un ou varios sumidoiros.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
62.- Os sistemas de iluminación e ventilación son satisfactorios.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
63.- A leitaría mantense limpa; non se almacenan produtos químicos, medicamentos, residuos perigosos, lixos ou desperdicios.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
64.- Tómanse as medidas apropiadas para evitar a entrada e a presenza de animais e pragas. Se é necesario, aplícase un plan de loita apropiado, que debe estar documentado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
65.- As augas de limpeza canalízanse cara a un filtro verde, fosa específica ou, en último caso, fosa de xurro.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Equipamento de muxidura		
66.- As superficies dos equipamentos en contacto co leite son fáciles de limpar. Son de materiais lisos, lavables e non tóxicos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
67.- Para todas as operacións de limpeza de equipamentos ou materiais en contacto co leite, utilízase auga de consumo humano (desinfectada).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
68.- O proceso de limpeza realízase con deterxente alcalino de acordo coas recomendacións do fabricante da máquina.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
69.- Faise limpeza ácida para eliminar o cal de acordo coas recomendacións do fabricante.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
70.- Utilízanse produtos de limpeza e desinfección recoñecidos e autorizados; respectando as instrucións de uso indicadas polo fabricante.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
71.- Os produtos de limpeza e desinfección teñen que estar correctamente etiquetados.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
72.- Arquívanse todas as fichas técnicas e de seguranza de todos os produtos de limpeza e desinfección.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
73.- Límpase o equipamento de muxidura e os recipientes e materiais que están en contacto co leite, despois de cada muxidura, manténdose adecuadamente protexidos ata o seu seguinte uso.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
74.- Renóvanse as pezas que sofren deterioración co uso, como teteoiras e tubos elásticos, segundo as indicacións do fabricante, conservando as súas facturas ou albarás. Mantense o equipamento en bo uso.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
75.- O equipamento de muxidura revísase como mínimo unha vez ao ano por persoal acreditado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
76.- Consérvanse as fichas de revisión do equipamento de muxidura.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
77.- Consérvanse os xustificantes das posibles reparacións realizadas no equipamento de muxidura.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
O equipamento de frío		
78.- As superficies dos equipamentos en contacto co leite son fáciles de limpar. Son de materiais lisos, lavables e non tóxicos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
79.- Os equipamentos de refrixeración deberán cumprir cos requisitos da norma UNE-EN 13732/03. Son isotérmicos, de aceiro inoxidable e con dispositivo de medida da temperatura.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
80.- O leite almacenado no tanque non debe superar os 4 °C.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
81.- O equipamento de frío acada 4°C en menos de dúas horas, despois de finalizada a muxidura, e non baixa de 0°C.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
82.- O proceso de limpeza realízase con deterxente alcalino de acordo coas recomendacións do fabricante do tanque.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
83.- Faise limpeza ácida para eliminar o cal segundo as recomendacións do fabricante.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
84.- Realízase a limpeza e desinfección do tanque despois de cada recolla de leite e polo menos cada 48 horas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
85.- O equipamento de frío revísase como mínimo unha vez ao ano por persoal acreditado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
86.- Consérvanse as fichas de revisión do equipamento de frío.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
87.- Consérvanse os xustificantes das posibles reparacións realizadas no equipamento de frío.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
88.- No caso de empregar filtro, cámbiase coa frecuencia recomendada polo fabricante.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Si Non

	Si	Non
Muxidores:		
89.- Existe un responsable da muxidura que recibe cursos periodicamente e lles transmite a información aos demais muxidores.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
90.- As persoas que realizan a muxidura non padezan enfermidades contaxiosas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
91.- O muxidor emprega roupa limpa. Se o persoal de muxidura ten feridas nas mans, empréganse luvas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
92.- O muxidor lava as mans e os brazos con auga potable antes de cada muxidura e cada vez que sexa necesario durante o proceso.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
93.- Non se fuma, bebe, come... durante a muxidura.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Pautas de muxidura:		
94.- Realízase cada paso da rutina de muxidura con coidado e sen traumas para a vaca.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
95.- Os tetos móxense sempre limpos e secos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
96.- Obsérvase e apálpase o ubre para detectar posibles signos de mamite.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
97.- Elimínanse os primeiros cichos de leite e contrólase en particular a presenza de leite alterado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
98.- Colócanse as teteoiras con precaución e practícase unha muxidura rápida e completa, evitando as "sobremuxaduras".	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
99.- Inmediatamente despois da muxidura, sélanse os tetos cun produto autorizado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
100.- Se se utilizan produtos de pre e posmuxidura, estes están autorizados e rexistrados no rexistro HCYM. Arquívanse as fichas técnicas e de seguranza dos produtos de muxidura.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

6. AMBIENTE

Si Non

	Si	Non
Almacenaxe e uso de produtos químicos, produtos fitosanitarios, fertilizantes, produtos zosanitarios, fertilizantes e xurros:		
101.- Só se empregan produtos químicos (fertilizantes, insecticidas,...) autorizados, correctamente etiquetados e, se se almacenan, mantéñense no envase orixinal.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
102.- Os produtos químicos, fertilizantes, produtos fitosanitarios... almacénanse en lugar específico (seguro, ventilado e iluminado); evitando a contaminación do solo e dos cursos de auga.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
103.- A capacidade e os sistemas de almacenamento do xurro e do esterco son axeitados.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
104.- As esterqueiras, fosas de xurro e demais depósitos de fertilizantes están correctamente illados evitando a contaminación dos alimentos e da auga.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
105.- Empréganse os fertilizantes naturais e os produtos químicos de xeito respectuoso co ambiente. Non se realizan sobrefertilizacións e evítase a contaminación de cursos de auga.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Eliminación de residuos:		
106.- Canalízanse e manéxanse adecuadamente as lixivias, escurreduras de silos, xurros..., para evitar a contaminación cruzada da auga.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
107.- Elimínanse os residuos de produtos fitosanitarios e plásticos cun sistema de xestión adecuado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
108.- Elimínanse os residuos tóxicos (envases, restos de medicamentos, produtos caducados, garrafas de deterxentes ...) de xeito adecuado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Imaxe da explotación:		
109.- Mantense unha boa imaxe da explotación: limpa, libre de lixos e desperdicios e con acceso axeitado a calquera vehículo; facendo fincapé na zona da leitaría.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

7.- BENESTAR ANIMAL

Si Non

	Si	Non
Aloxamento dos animais		
110.- Os materiais empregados na construción e mantemento dos locais de aloxamento non son prexudiciais para os animais. Os locais de aloxamento non presentan bordos afiados ou saíntes, o chan non é esvaradio e os atrapadores son cómodos e axeitados para os animais.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
111.- As instalacións mantéñense limpas, correctamente ventiladas e iluminadas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
112.- Os animais dispoñen de espazo suficiente para movérense e relacionárense, conforme as súas necesidades fisiolóxicas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
113.- Os animais teñen unha zona de descanso de dimensións axeitadas e correctamente acondicionada (protexida da intemperie, seca, con cama renovada,...).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
114.- O aloxamento e cría de cuxos realízase segundo o establecido pola normativa vixente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Si Non

Manexo dos animais:

115.- Os animais reciben un trato tranquilo; evítanse as prácticas traumáticas e calquera sufrimento innecesario.

116.- Mantéñense os animais limpos e en boas condicións de salubridade.

117.- Trátanse as coxeiras, as enfermidades da pel, etc. adecuadamente e empregando persoal cualificado.

8.- AXENTES EXTERNOS E PERSOAL DA EXPLOTACIÓN

Si Non

118.- Os traballadores da explotación contan con cualificación suficiente para o manexo de alimentos, fertilizantes, medicamentos, produtos químicos, etc.

119.- A granxa conta con persoal suficiente para garantir un manexo eficiente.

120.- As persoas en contacto cos animais (persoal da granxa e axentes externos) están en boas condicións de saúde e respectan as normas de manexo dos animais. Evítase o acceso a persoal alleo sempre que sexa posible.

9.- CALIDADE DO LEITE

Si Non

A.- O número de mostras tomadas mensualmente é suficiente para o control da calidade hixiénico-sanitaria do leite.

B.- A concentración de xermes calculada como a media móbil bimensual mantense por baixo dos parámetros exixidos.

C.- A concentración de células somáticas calculada como media móbil trimestral mantense por debaixo dos parámetros exixidos.

D.- O punto crioscópico mantense nos valores exixidos.

E.- Ausencia total de inhibidores.

F.- Mantense un arquivo cos resultados das análises das mostraxes de leite realizadas. Arquívase este rexistro durante 5 anos.

10.- REXISTROS MANTIDOS POLO GANDEIRO

Si Non

1.- Libro de explotación gandeira.

2.- Rastrexabilidade do leite - Sistema letra Q – Mostraxes de leite.

3.- Alimentación do rabaño.

4.- Auga das instalacións.

5.- Controis sanitarios efectuados ao gando.

6.- Enfermidades e tratamentos dos animais.

7.- Muxidores.

8.- Fertilizantes e tratamentos fitosanitarios

ANEXO XI

**PROGRAMA DE ACCIÓNS DE ASESORAMENTO PARA A MELLORA DA CALIDADE DO LEITE
PRODUCIDO E RECOLLIDO NAS EXPLOTACIÓNS**

FORMULARIO DE BAIXA / CAMBIO DE AGRUPACIÓN

Este compromiso establécese no marco do R.D. 460/2002, do 24 de maio, que regula os programas de accións de asesoramento para a mellora da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

Este programa baséase na relación técnica profesional entre os gandeiros titulares de explotacións agrarias, as cooperativas, agrupacións ou primeiros compradores en que se encontran inmersas as devanditas explotacións e as empresas de servizos ou técnicos individuais que prestan determinada asistencia aos anteriores.

A validez deste compromiso queda condicionada á aprobación dos programas por parte da Consellaría do Medio Rural, de acordo coa Orde do _____ (DOG nº _____, de _____) ao abeiro do disposto no R.D. 460/2002, do 24 de maio.

O GANDEIRO SOLICITA MEDIANTE ESTE COMPROMISO

BAIXA DEFINITIVA

CAMBIO DE AGRUPACIÓN

AGRUPACIÓN ONDE REALIZOU O PROGRAMA NA CAMPAÑA 07/08

AGRUPACIÓN ONDE DESEXA REALIZAR O PROGRAMA NA CAMPAÑA 08/09

FICHA DE EXPLOTACIÓN E SINATURA DO CONTRATO

D.		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	TLFNO.	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TITULAR DA EXPLOTACIÓN CON Nº CEA			
<input type="text"/>			
CUNHA CANTIDADE DE REFERENCIA ASINADA NA CAMPAÑA 2008/2009	NIF/CIF (COTA)	E REXISTRADO NO LIGAL CO NIF/CIF	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<p align="center">_____, de _____ de _____</p>			
Asdo.: o gandeiro			